



PROGRAMACIÓN DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA 2020/21

PROFESORA: M^a Dolores Ortigueira Hermida

INDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. OBXECTIVOS XERAIS.
3. OBXECTIVOS ESPÉCIFICOS
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
5. METODOLOXÍA.
 - 5.1. METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.
6. ACTIVIDADES.
7. ORGANIZACION DO ALUMNADO.
8. RECURSOS DIDÁCTICOS.
9. TEMPORALIZACIÓN.
10. AVALIACIÓN.
11. DATA DE ENTREGA DA PROGRAMACIÓN
12. ANEXOS
 - 12.1. HORARIO
 - 12.2. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN DO ALUMNADO CON CONTINUIDADE NO APOIO:
 - SANDRA L. G
 - KEVIN S. M.
 - JOSÉ Á. F.
 - ANDREA DE J. F.
 - NAZARÉ F. R.
 - ARANTXA G. C.
 - JUAN JOSÉ R. R.
 - ALEXANDRU MARIAN B. S.
 - SIRA V. C.

1. INTRODUCCIÓN.

Desde a especialidade de Pedagogía Terapéutica o traballo estará centrado nas necesidades específicas existentes no alumnado do centro e nas que poidan xurdir ao longo do curso. O alumnado a atender é derivado polo xefe de estudos/orientadora, que establecen, salvo en moi raras ocasións, que este se desenvolva fóra da aula ordinaria, na aula de PT.

As casuísticas principais que presentan estes alumnos son dificultades no seguimento do currículo de referencia, debido fundamentalmente a DA asociadas a:

- Desenvolvemento da linguaxe: vocabulario, fluidez e codificación.
- Comprensión lectora, escritura e ortografía.
- Habilidade visual e atención.
- Habilidades conceptuais: conceptos numéricos, procesos aritméticos, razoamento aritmético, información xeral, clasificación e comprensión.
- Baixa autoestima.
- Alumnado estranxeiro, que no momento de incorporarse ao Centro presentan descoñecemento das dúas linguas oficiais, pola incorporación tardía ao sistema educativo español (na meirande parte dos casos alumnado procedente de Marrocos ou Romanía).

Tendo en conta as necesidades educativas de cada alumno/a se realizan os programas de intervención individualizados, encamiñados a desenvolver ao máximo as súas capacidades e habilidades respectando intereses e ritmos individuais de aprendizaxe, poñendo en funcionamento os axustes pertinentes (na metodoloxía, nos materiais didácticos con apoio visual, na tipoloxía das actividades...) tratando na medida que a organización establecida o permite, de dar unha resposta educativa inclusiva e integradora e acompañándoos no proceso de ensino-aprendizaxe.

2. OBXECTIVOS XERAIS.

- Colaborar e coordinar cos titores, e profesorado das materias a fin de adoptar e manter unhas liñas de actuación comúns dentro e/ou fóra da aula ordinaria, co alumnado con NEAE.
- Colaborar cos profesores titores na realización de Adaptacións Curriculares e o seu correspondente seguimento.
- Realizar informes individualizados que reflectan a evolución do alumnado con NEAE.
- Colaborar naqueles aspectos do centro que vaian en beneficio do alumnado con NEAE
- Manter contacto coas familias do alumnado con NEAE para intercambiar información sobre o desenvolvemento educativo e persoal do alumnado.
- Aproveitar recursos, medios e materiais que ofrecen en rede a fin de favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Dotar á aula de apoio de novos materiais axeitados ás NEAE existentes no centro.

3. OBXECTIVOS ESPÉCIFICOS.

Están establecidos nos Programas de intervención individualizados, nas correspondentes programacións do nivel no que estean integrados, e nas súas AC, de ser o caso.

Estarán orientados ás necesidades educativas concretas do alumnado, baseados no desenvolvemento das competencias e dando prioridade á comprensión oral e escrita, cálculo, razoamento matemático, desenvolvemento de habilidades sociais, intelixencia emocional... Tendo como meta o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, en función das necesidades específicas do alumnado e a través dos plans de intervención.

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

LINGUA GALEGA / LINGUA CASTELÁ.

► **CCL:** *(C. Comunicación Lingüística)*

- Desenvolver o interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionarse cos demais e para aprender.
- Comprender e producir mensaxes orais que teñen finalidade didáctica ou son de uso cotiá.
- Ser capaces de participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas.
- Ser capaces de comprender diferentes clases de textos escritos propios de situacións cotiás de relación social ou textos procedentes de medios de comunicación.
- Ser capaces de poñer en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.
- Ser capaces de escribir textos relacionados co ámbito escolar ou con situacións cotiás de relación social, así como textos de información e opinión.
- Ser capaces de ler e comprender de forma autónoma textos axeitados ao seu nivel e intereses.

► **CD:** *(C. Dixital)*

- Mellorar destrezas mediante o uso de software educativo (actividades na rede).

► **CAA:** *(C. Aprender a aprender)*

- Traballar e mellorar a comprensión e expresión oral e escrita, adquirindo un ritmo lector axeitado.
- Actividades centradas na focalización da atención selectiva e sostida e a memoria.
- Uso de técnicas e estratexias de estudo.

► **CSC:** *(C. Social e Cívica)*

- Uso da lingua como medio de comunicación, comunicarse cos demais e comprender o que os demais nos transmiten, traballando as habilidades necesarias para a convivencia.

► **CSIEE:** *(C. Sentido Iniciativa e espírito emprendedor)*

- Fomentar o traballo de xeito autónomo, demostrando o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos adquiridos.

- ▶ **CCEC:** (*C. Conciencia e expresións culturais*)
 - Comentar oralmente fotografías e debuxos que as veces acompañan aos textos traballados e actitude aberta e respectuosa á diversidade cultural.
- ▶ **CMCT:** (*C. Matemática, Ciencia e Tecnoloxía*)
 - A través do manexo de números e a presenza da información numérica na vida cotiá.
 - A través de realización de operacións básicas, instrumentos de medida, expresar resultados...
 - Resolvendo operacións aritméticas e empregándoas de xeito comprensivo (uso de estratexias de razoamento e de resolución de problemas).
 - Recollida de datos....

MATEMÁTICAS.

- ▶ **CCL:** (*C. Comunicación Lingüística*)
 - Poñendo especial atención e sendo capaces de expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución de problemas.
- ▶ **C.D:** (*C. Dixital*)
 - Mellorando destrezas mediante o uso de software educativo (actividades na rede).
- ▶ **CAA:** (*C. Aprender a aprender*)
 - Verbalizando os procesos seguidos e reflexionando sobre o aprendido.
- ▶ **CSC:** (*C. Social e Cívica*)
 - Aplicando diferentes situacións da vida cotiá (cálculo, comparativa de prezos...) comunicándonos cos demais e desenvolvendo habilidades e resolvendo situacións habituais.
- ▶ **CSIEE:** (*C. Sentido Iniciativa e espírito emprendedor*)
 - Fomentando o traballo de xeito autónomo, demostrando o que son capaces de realizar cos coñecementos que van adquirindo.

5. METODOLOXÍA.

A metodoloxía atende aos principios de individualización e socialización. Segundo o principio de individualización, a intervención levarase a cabo tendo en conta en todo momento as características propias de cada alumno/a, dando por suposto que o desenvolvemento é distinto en cada alumno/a. A metodoloxía será flexible e adaptada ao desenvolvemento evolutivo do alumnado e ás súas características persoais. Respectarase, así mesmo, o diferente ritmo de traballo de cada alumno/a.

Segundo o principio de socialización preténdese acadar a participación do alumnado no contorno no que se move co fin de que interiorice normas de conduta e principios de convivencia.

A ensinanza impartirase de forma activa, reforzando a autonomía do alumno/a na súa propia aprendizaxe.

No decorrer do curso escolar desde a especialidade de PT levaranse a cabo observacións sistemáticas e avaliacións iniciais daquel alumnado que vai recibir apoio, co fin de obter un coñecemento directo das peculiaridades que presenta; contrastando os xuízos emitidos nos informes, no caso de habelos, co desenvolvemento destes/as na aula.

Asemade, elaboraranse e revisaranse, os diferentes programas de intervención individualizados do alumnado avaliado, sen prexuízo de que poidan ser modificados ao longo do curso de ser preciso; e colaborarase na revisión e realización das AC.

As accións, estarán centradas en desenvolver e intensificar, o traballo co alumnado nas áreas que integran o curso e en consonancia cos obxectivos formulados nos programas de intervención

5.1. METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.

Seguirase na mesma liña establecida o pasado curso durante o confinamento. Facilitando as axudas necesarias, propoñendo materiais/actividades adaptadas de diferente grao de dificultade (combinando actividades de apoio/repaso con outras motivadoras co obxectivo de que o alumno manteña o hábito de traballo diario). Coordinando intervencións (a través de mail, teléfono, whatsapp...) cos profesores/titores das materias obxecto de apoio do alumnado. Mantendo contacto con outros profesionais externos (Fundación Secretariado Xitano, educadoras Príncipe Felipe...) que titorizan e fan seguimento familiar de algúns dos alumnos atendidos e cando se estime oportuno contactando cos pais/nais do alumnado. Tendo en conta o bo funcionamento do blogue creado por min <https://apoiopt.blogspot.com> no que lle subía titoriais de youtube con explicacións de conceptos dados e enlaces a actividades onde aplícalos, actividades adaptadas segundo os contidos que estaban a traballar no grupo aula e o contacto fluído mantido cos alumnos a través do mail que lles facilitei aulapt.torrente@gmail.com considero que a opción máis axeitada é continuar utilizando o mesmo medio para resolver calquera dúbida que lles puidera xurdir nas tarefas das materias de clase.

6. ACTIVIDADES.

No caso do alumnado de reforzo educativo desenvolverán as mesmas actividades cas do seu grupo de referencia, con axudas puntuais na organización das actividades a desenvolver, activando coñecementos previos, modificando o nivel de complexidade...

Algunhas das actividades tipo que se levarán a cabo co alumnado e que se adaptarán son:

- Lectura comprensiva de textos variados; actividades de corrección e adquisición de novo vocabulario.
- Lectura de textos adaptados coa entoación axeitada.
- Actividades de comprensión lectora e expresión escrita.
- Regras de ortografía e emprego dos signos de puntuación.
- Ditados.
- Realización autónoma de textos.
- Descricións; composicións e redaccións.
- Elaboración dun final distinto ao dado no texto.
- Integración do significado na memoria: despois da lectura dun texto, recoñecer de entre diferentes oracións cal pertence ao texto lido e cal non, que personaxes aparecen na lectura, etc.

- Extracción das ideas principais dun texto.
- Clasificar palabras segundo a súa categoría gramatical.
- Elaboración de esquemas.
- Ordenar secuencias temporais e explicalas de xeito escrito.
- Exercicios de rastreo visual.
- Empregar diferentes estratexias de memorización: subliñado, esquemas, regras nemotécnicas.
- Traballar a mecánica das operacións matemáticas.
- Problemas de matemáticas.
- Cálculo mental.
- Fraccións...
- Medidas de lonxitude, capacidade e masa.
- Figuras xeométricas.
- Actividades de desenvolvemento de HHSS, atención e intelixencia emocional.

DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR NA AULA DE PT.

Como parte do desenvolvemento do plan lector na aula de PT contéplase o traballo con relatos, contos, poesías, narrativa, teatro... que conseguen espertar o interese e o gusto pola lectura.

7. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO.

A organización do alumnado ben determinada desde a xefatura de estudos/xefatura do departamento de orientación e desde PT intento organizar a atención do xeito máis funcional posible, xa que me atopo apoiando nunha mesma sesión a alumnado en diferentes materias (alumnos de 1º de ESO e 2º ESO que acoden na mesma sesión a recibir apoio en diferentes materias e con diferente grao de dominio competencial), ás veces incluso cohibindo a participación do mesmo alumnado. Atendendo a esta distribución do alumnado que xa se me dá pechada, trátase desde a aula de PT de facer unha organización e distribución do traballo atendendo ás características e necesidades dos alumnos/as.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar a cabo unha axeitada intervención co alumnado con NEAE utilizarase materiais diversos e variados, enfocados a traballar nos diversos ámbitos a través de software educativo, diverso material funxible e internet como recurso educativo: Tamén se especifican en cada programa de intervención os recursos específicos utilizados con cada un dos alumnos.

Levaranse a cabo reunións de xeito informal co profesorado, para recoller información necesaria ao inicio da intervención que completará a recollida nas reunións de avaliación inicial, como ao longo do curso, para analizar e avaliar os progresos e as dificultades.

9. TEMPORALIZACIÓN.

Esta programación ten unha duración dun curso académico. As actividades e actuacións temporalizaranse por trimestres, tendo en conta a necesaria flexibilidade.

10. AVALIACIÓN.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Realizarase unha avaliación inicial de todo o alumnado coa que teremos constancia da situación de partida e dos coñecementos previos. A partir dos seus resultados elaboraranse os programas de intervención individualizados.

De forma paralela ao desenvolvemento dos programas levarase a cabo unha avaliación formativa a partir da que se decidirán as modificacións que se estimen oportunas, e que se concretará nun seguimento continuo dos alumnos/as plasmado finalmente nun informe individualizado.

Ao remate de cada trimestre seguiranse elaborando os informes do alumnado e o informe final de PT no remate do curso, informes que serán achegados como en anos anteriores ao ED, XDO e titores para entrega ás familias.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO EDUCATIVO

Avaliaranse os obxectivos propostos e o grao de adecuación ás características e necesidades do alumnado, a organización e distribución da aula e dos horarios, a metodoloxía levada a cabo, os métodos e instrumentos de avaliación,...

Avaliarase tamén a colaboración entre PT e os diferentes profesionais do centro, a coordinación co DO, a relación coas familias e contorno social, os recursos cos que contamos... coa finalidade de poder realizar os axustes que se consideren precisos, para poder atender de forma positiva as necesidades educativas existentes.

11. DATA DE ENTREGA DA PROGRAMACIÓN.

Esta programación é enviada á orientadora e ao equipo directivo (xefatura de estudos) vía e-mail con data de 09 de outubro de 2020.

12. ANEXOS

ANEXO 1: Horario recibido e co que xa iniciarei a intervención

ANEXO 2: Programas de intervención do alumnado con continuidade no apoio

ANEXO 1: 2º HORARIO PT curso 2020/21 (5 outubro 2020)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8'30 9'20			Sira Vila (L.C.)		Alexandru (L.G.)
9'20 10'10	José Á. Nazaré F. (L.C.)		Alexandru Andrea de J. (L.C.)	Alexandru (X.Hª)	José Á. Nazaré F. (L.G.)
10'10 11'00	Alexandru (L.G.) Kevin S. Sandra L. (L.C.)	Alexandru Andrea de J. (MAT) Juan José (MAT)	GARDA	Kevin S. (MAT) Nazaré F. (L.C.)	GARDA
11'00 11'50			Kevin S. Sandra L. (MAT)	Kevin S. (L.G.)	
11'50 12'30	Arantxa G. Nazaré F (MAT)	Alexandru (L.C.) José Á. (MAT)		GARDA RECREO	
12'30 13'20	Sira Vila (MAT)	Alexandru (F.Q.) Kevin S. Sandra L. (MAT)	José Á. Nazaré F. (L.G)	Sira V. Arantxa G.Ç Nazaré F. (MAT)	
13'20 14'10		Alexandru (L.G.) Kevin S. Sandra L. (L.G.)		Alexandru (MAT) Kevin S. (L.C.)	
14'10 15'00	Alexandru Juan José (MAT) Kevin Suárez (BioloX.)				

ANEXO 2: PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN DO ALUMNADO CON CONTINUIDADE NO APOIO.

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Curso 2020/2021

NOME E APELIDOS DO ALUMNO: Kevin S. M.
DATA DE NACEMENTO: 13/09/2006
CURSO: 1º ESO B
PROFESORA QUE CUBRE O INFORME: Mª Dolores Ortigueira Hermida
ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica

ASPECTOS SALIENTABLES:

Amosa gran desfase curricular e precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores. En matemáticas segue ACS e vai mellorando no cálculo e resolución de problemas sinxelos. Asemade vai progresando na habilidade visual e atención.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ/GALEGA			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
<p>Favorecer o desenvolvemento da competencia lingüística.</p> <p>Aumentar a súa seguridade, a súa motivación e autoestima.</p>	<p>Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.</p>	<p>Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.</p> <p>Valorar a importancia da conversa na vida social.</p>	<p>Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</p> <p>Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</p>
<p>Ler, mellorando a fluidez e a entoación.</p> <p>Comprender distintos tipos de textos adaptados e utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario.</p> <p>Aumentar a comprensión lectora.</p> <p>Producir textos escritos</p>	<p>Lectura e comprensión, de textos.</p>	<p>Ler, comprender, textos en diferentes formatos e soportes.</p> <p>Escribir textos cunha secuencia lóxica.</p>	<p>Retén a información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias.</p> <p>Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.</p>
<p>Recoñecer substantivos, adxectivos, verbos.</p> <p>Coñecer e aplicar as normas ortográficas básicas.</p> <p>Manexar o dicionario.</p> <p>Mellorar o coñecemento da lingua e enriquecer o vocabulario.</p> <p>Recoñecer sinónimos e antónimos.</p>	<p>Recoñecemento das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, verbo.</p> <p>Coñecemento das normas ortográficas.</p> <p>Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.</p>	<p>Aplicar os coñecementos sobre a lingua de forma progresiva.</p> <p>Usar os dicionarios e outras fontes de consulta, para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e ampliar o seu vocabulario.</p>	<p>Recoñece as categorías gramaticais nos textos.</p> <p>Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios.</p> <p>Coñece e manexa dicionarios impresos ou en versión dixital.</p> <p>Recoñece sinónimos e antónimos.</p>

COMPETENCIAS TRABALLADAS EN MATEMÁTICAS:

- ▶ **CMCT:** (*C. Matemática, Ciencia e Tecnoloxía*)
 - A través do manexo de números e a presenza da información numérica na vida cotiá.
 - A través de realización de operacións básicas...
 - Resolvendo operacións aritméticas e empregándoas de xeito comprensivo (uso de estratexias para a resolución de problemas)

Desde o apoio á materia de Matemáticas tamén se contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

- ▶ **CCL:** (*C. Comunicación Lingüística*)
 - Poñendo especial atención e sendo capaz de expresar verbalmente o proceso seguido.
- ▶ **C.D. :** (*C. Dixital*)
 - Mellorando destrezas mediante o uso de software educativo (actividades na rede).
- ▶ **CAA:** (*C. Aprender a aprender*)
 - Verbalizando e reflexionando sobre o aprendido
- ▶ **CSC:** (*C. Social e Cívica*)
 - Desenvolvendo habilidades e resolvendo e situacións habituais.
- ▶ **CSIEE:** (*C. Sentido Iniciativa e espírito emprendedor*)
 - Fomentando o traballo de xeito autónomo, demostrando o que é capaz de realizar.

ACTIVIDADES TIPO:

- Números naturais, enteiros, decimais...
- Operacións con números positivos e negativos, operacións combinadas...
- Fraccións.
- Múltiplos e divisores, números primos e compostos, criterios da divisibilidade,
- Descomposición en factores...
- Figuras planas.

EXTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Aprendizaxe construtiva e significativa, empregando unha metodoloxía variada, favorecedora da transferencia e xeneralización de ditas aprendizaxes.
- Autonomía na aprendizaxe.
- Partir do nivel do alumno, dos seus intereses, favorecendo a súa autoestima e o seu auto-concepto.
- Presentar actividades variadas, lúdicas e motivadoras nas que acade o éxito.
- Actividades curtas, sinxelas, aumentando a dificultade pouco a pouco e que lle permitan a xeneralización das aprendizaxes.
- Reforzar os logros conseguidos positivamente. Minimizar os fracasos.
- Prioridade no uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
- A aprendizaxe será afectiva, establecendo unha comunicación empática co alumno no que se sinta aceptado e valorado como persoa, para que se produza unha interacción axeitada, mantendo sempre expectativas positivas.

RECURSOS

Para levar a cabo as actividades propostas neste programa de intervención, contarase cos seguintes recursos: Cadernos, libros, ordenador, internet, fichas adaptadas, xogos interactivos...

Recursos organizativos.

Farase un seguimento do alumno (actitude cara as tarefas, se finaliza as tarefas, da progresión lecto-escritora, comprensión e expresión oral e escrita).

TEMPORALIZACIÓN

- Este programa de intervención levarase a cabo en 8 ses./sem. en PG segundo horario achegado.

AVALIACIÓN

A avaliación é entendida como un proceso continuo, que proporciona información ao longo da súa escolarización, a través dunha avaliación inicial, continua e final.

Diariamente, durante a realización das tarefas farase unha observación sistemática de como é o proceso que o alumno emprega para cumprimentar dita tarefa, analizaranse as súas producións e tomaranse nota das súas consecucións e dificultades.

Pontevedra, a 28 de setembro de 2020

Asdo.: M^a Dolores Ortigueira Hermida
Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Curso 2020/21

NOME E APELIDOS DA ALUMNA: Sandra L. G.
DATA DE NACEMENTO: 16/08/2006
CURSO: 1º ESO B
PROFESORA QUE CUBRE O INFORME: M^a Dolores Ortigueira Hermida
ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica

ASPECTOS SALIENTABLES:

Alumna derivada a PT o curso pasado por reforzo educativo en lingua galega.

Sandra mellorou no vocabulario, na habilidade visual e atención, lectura e comprensión, amosando interese nas producións escritas e orais de desenvolvemento creativo.

ÁREA DE LINGUA GALEGA/ CASTELÁ

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
– Pártese do currículo de referencia (non ten ACS), pero precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores.			

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
– Pártese do currículo de referencia (non ten ACS), pero precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores.			

COMPETENCIAS TRABALLADAS:

- As reflectidas na programación da aula.

ACTIVIDADES TIPO:

- As deseñadas a través da plataforma EDIXGAL.

EXTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Partir do nivel da alumna, dos seus intereses, favorecendo a súa autoestima e o seu auto-concepto.
- Actividades curtas, sinxelas, aumentando a dificultade pouco a pouco e que lle permitan a xeneralización das aprendizaxes.
- Reforzar os logros conseguidos positivamente. Minimizar os fracasos.
- Establecerase unha comunicación empática coa alumna na que se sinta aceptada e valorada, para que se produza unha interacción axeitada, mantendo sempre expectativas positivas.

RECURSOS

Para levar a cabo as actividades propostas neste programa de intervención, contarase cos seguintes recursos: Cadernos, libros, ordenador, internet, fichas adaptadas, xogos interactivos...

Recursos organizativos.

Farase un seguimento da alumna (actitude cara as tarefas, se finaliza as tarefas, da progresión lecto- escritora, comprensión e expresión oral e escrita).

TEMPORALIZACIÓN

- Este programa de intervención levarase a cabo en 4 ses./sem. en PG segundo horario achegado.

AVALIACIÓN

- A avaliación é entendida como un proceso continuo, que proporciona información ao longo da súa escolarización, a través dunha avaliación inicial, continua e final.
- Analizaranse aspectos como as estratexias empregadas pola alumna na resolución das actividades, estilo de aprendizaxe, grao de dificultade na resolución das tarefas...

Pontevedra, a 28 de setembro de 2020

Asdo.: M^a Dolores Ortigueira Hermida
Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Curso 2020/21

NOME E APELIDOS DO ALUMNO: José Á. F.
DATA DE NACEMENTO: 19/06/2005
CURSO: 2º ESO D
PROFESORA QUE CUBRE O INFORME: M^a Dolores Ortigueira Hermida
ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica

ASPECTOS SALIENTABLES:

Alumno derivado a PT por reforzo educativo.

Vai mellorando na competencia lingüística tanto en lingua castelá como en lingua galega (comprensión, léxico, ortografía, acentuación...). Na competencia matemática vai progresando no cálculo, razoamento e resolución de problemas, fraccións, cálculos con porcentaxes...

ÁREA DE LINGUA GALEGA/CASTELÁ

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
– Pártese do currículo de referencia (non ten ACS), pero precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores.			

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
– Pártese do currículo de referencia (non ten ACS), pero precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores.			

COMPETENCIAS TRABALLADAS:

- As reflectidas na programación de aula.

ACTIVIDADES TIPO:

- As deseñadas a través da plataforma EDIXGAL.

EXTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Partir do nivel do alumno, dos seus intereses, favorecendo a súa autoestima e o seu auto-concepto.
- Actividades curtas, sinxelas, aumentando a dificultade pouco a pouco e que lle permitan a xeneralización das aprendizaxes.
- Reforzar os logros conseguidos positivamente. Minimizar os fracasos.
- Establecerase unha comunicación empática co alumno no que se sinta aceptado e valorado, para que se produza unha interacción axeitada, mantendo sempre expectativas positivas.

RECURSOS

Para levar a cabo as actividades propostas neste programa de intervención, contarase cos seguintes recursos: Cadernos, libros, ordenador, internet, fichas adaptadas, xogos interactivos...

Recursos organizativos.

Farase un seguimento do alumno (actitude cara as tarefas, se finaliza as tarefas, da progresión lecto-escritora, comprensión e expresión oral e escrita).

TEMPORALIZACIÓN

Este programa de intervención levarase a cabo en 4 ses. /sem. en PG segundo horario achegado.

AVALIACIÓN

- A avaliación é entendida como un proceso continuo, que proporciona información ao longo da súa escolarización, a través dunha avaliación inicial, continua e final.
- Analizaranse aspectos como as estratexias empregadas polo alumno na resolución das actividades, estilo de aprendizaxe, grao de dificultade na resolución das tarefas...

Pontevedra, a 28 de setembro de 2020

Asdo.: M^a Dolores Ortigueira Hermida
Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Curso 2020/21

NOME E APELIDOS DA ALUMNA: Andrea de J. F.

DATA DE NACEMENTO: 27/11/2004

CURSO: 2º ESO E

PROFESORA QUE CUBRE O INFORME: M^a Dolores Ortigueira Hermida

ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica

ASPECTOS SALIENTABLES:

Alumna derivada a PT por reforzo educativo superando no curso pasado as materias de matemáticas 2º ESO e a materia de L.Galega de 1º ESO.

Andrea vai mellorando nas actividades de comprensión lectora, vocabulario e na expresión escrita. Asemade na realización de exercicios con operacións básicas de números naturais, enteiros, decimais, fraccións, descomposición factorial, porcentaxes, resolución de problemas....

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
– Pártese do currículo de referencia (non ten ACS), pero precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores.			

ÁREA DE MATEMÁTICAS			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
– Pártese do currículo de referencia (non ten ACS), pero precisa adquirir/afianzar aspectos básicos curriculares de cursos anteriores.			

COMPETENCIAS TRABALLADAS:
– As reflectidas na programación de aula.

ACTIVIDADES TIPO:
– As deseñadas a través da plataforma EDIXGAL.

EXTRATEXIAS METODOLÓXICAS
– Partir do nivel da alumna, dos seus intereses, favorecendo a súa autoestima e o seu auto-concepto.
– Actividades curtas, sinxelas, aumentando a dificultade pouco a pouco e que lle permitan a xeneralización das aprendizaxes.
– Reforzar os logros conseguidos positivamente. Minimizar os fracasos.
– Establecerase unha comunicación empática coa alumna na que se sinta aceptada e valorada, para que se produza unha interacción axeitada, mantendo sempre expectativas positivas.

RECURSOS MATERIAIS, HUMANOS E ORGANIZATIVOS
Para levar a cabo as actividades propostas neste programa de intervención, contarase cos seguintes recursos: Cadernos, libros, ordenador, internet, fichas adaptadas, xogos interactivos...
Recursos organizativos. Farase un seguimento da alumna (actitude cara as tarefas, se finaliza as tarefas, da progresión lecto-escritora, comprensión e expresión oral e escrita).

TEMPORALIZACIÓN
Este programa de intervención levarase a cabo 2 ses. /sem. en PG segundo horario achegado.

AVALIACIÓN
– A avaliación é entendida como un proceso continuo, que proporciona información ao longo da súa escolarización, a través dunha avaliación inicial, continua e final.
– Analizaranse aspectos como as estratexias empregadas pola alumna na resolución das actividades, estilo de aprendizaxe, grao de dificultade na resolución das tarefas...

Pontevedra, a 28 de setembro de 2020

Asdo.: M^a Dolores Ortigueira Hermida
Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica

NOME E APELIDOS DA ALUMNA: Nazaré F. R.
DATA DE NACEMENTO: 24/10/2006
CURSO: 2º ESO D
PROFESORA QUE CUBRE O INFORME: Mª Dolores Ortigueira Hermida
ESPECIALIDADE: Pedagogía Terapéutica

ASPECTOS SALIENTABLES:

Alumna con ACS o curso pasado en Lingua Castelá e Matemáticas que superou en xuño. Mellorou nas actividades de cálculo, razoamento e resolución de problemas, habilidade visual e atención. Asemade vai mellorando na expresión oral e escrita, comprensión, vocabulario acadando resultados positivos.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ/ LINGUA GALEGA			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe
<p>Favorecer o desenvolvemento da competencia lingüística.</p> <p>Aumentar a súa seguridade, a súa motivación e autoestima.</p>	<p>Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.</p> <p>Participación en conversas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.</p>	<p>Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.</p> <p>Valorar a importancia da conversa na vida social en situacións comunicativas propias da actividade escolar.</p>	<p>Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</p> <p>Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</p>
<p>Recoñecer substantivos, adxectivos, verbos, conxunción intersección.</p> <p>Recoñecer sinónimos e antónimos.</p> <p>Coñecer e aplicar as normas ortográficas básicas.</p> <p>Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.</p> <p>Manexar o dicionario.</p>	<p>Recoñecemento, uso das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, verbo, conxunción e interxección.</p> <p>Coñecemento das normas ortográficas.</p> <p>Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.</p>	<p>Aplicar os coñecementos sobre a lingua progresivamente.</p> <p>Usar os dicionarios e outras fontes de consulta, para enriquecer o propio vocabulario.</p>	<p>Recoñece as categorías gramaticais nos textos.</p> <p>Recoñece sinónimos e antónimos.</p> <p>Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios.</p> <p>Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e ampliar o seu vocabulario.</p>
